

BOLETÍN TRIMESTRAL IES CURTIS

MIRA GALICIA 2014

Mira Galicia é un proxecto plurianual, desenvolvido polo ENDL en colaboración co Seminario de Historia, mediante o que procuramos que o noso alumnado ao

final da educación secundaria obrigatoria coñeza catro rutas de especial interese paisaxístico e histórico da nosa comunidade.



Na parte superior, alumnado de 3º ESO no miradoiro da Curota. Debaixo á esquerda, alumnado de 1º ESO no pazo de Oca. Á dereita, alumnado de 4º de ESO cara a illa da Cortegada.

CONTIDOS

PÁXINA 1: Mira Galicia 2014 **PÁXINA 2:** Benvida ao alumnado que se incorpora | Os alumnos de automoción viaxan a Salamanca e Ávila | A nosa biblioteca | Algunhas actividades do 3º trimestre | Festival de teatro grecolatino | Parabéns

PÁXINA 3: Intercambio escolar BANDE - CURTIS | Charla sobre automobilismo deportivo | Visita ao MUNCYT

PÁXINA 4: Renault entrega un Clío a Automoción | Gráfica de resultados da 3ª avaliación | Saúda do equipo directivo

BENVIDA AO ALUMNADO QUE SE INCORPORA



Alumnado de Curtis e Teixeira que en 2014-2015 cursará 1º de ESO no IES de Curtis. A nosa benvida!

SALAMANCA E ÁVILA, DESTINOS DUNHA VIAXE FORMATIVA PARA O ALUMNADO DE AUTOMOCIÓN



Os alumnos de Automoción, acompañados polos nosos profesores e profesoras, visitamos o Museo de Historia da Automoción en Salamanca, único na súa modalidade dedicado ao mundo do motor.

Nel puidemos observar algunha das xoias da historia do automóbil, como un Rolls Royce Silver Ghost de 1922, un Cadillac Fleetwood 75 que pertenceu a Franco ou un Hispano Suiza de 1930 que aínda non precisou ser restaurado nunca. No museo puidemos ver tamén unha ampla colección de automóviles, motocicletas e documentos varios relacionados co mundo do motor.

Á saída agardábanos un percorrido pola cidade de Salamanca e os seus edificios máis emblemáticos, e de aí partimos cara a Ávila.

Xa na cidade amurallada visitamos o Centro de Experimentación e Seguridade Vial Mapfre (CESVIMAP), que investiga sobre o automóbil e a metodoloxía de reparación de danos despois dun accidente. Nun programa apertado ao máximo aínda quedou tempo para coñecer o Centro de descontaminación e reciclaxe do automóbil (CESVIRRECAMBIOS) e, por suposto, para pasear por Ávila.

A NOSA BIBLIOTECA



Un curso máis, a biblioteca, ademais das súas tarefas e actividades habituais, neste terceiro trimestre acolleu o alumnado na sala de estudo para a preparación dos seus exames, especialmente aos alumnos e alumnas de 2º de bacharelato e ciclos, que antes de deixarnos tiveron que facer un último esforzo para superar con éxito os exames da 3ª avaliación e da selectividade.

Deixámosvos aquí algúns enlaces que poden ser de interese para amosar a nosa actividade, entre outros o das recomendacións de lecturas para este verán:

Día do libro

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/2014/04/dia-do-libro-na-nosa-biblioteca.html>

Memoria da biblioteca

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/2014/06/memoria-da-biblioteca-2013-2014.html>

Actividades do Club de Lectura "Fendetestas"

<http://clubfendetestas.blogspot.com.es/>

Vídeo do Acto de Graduación

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/2014/06/acto-de-graduacion-no-ies-de-curtis.html>

Recomendacións lectoras para o verán

<http://sarmientobiblioteca.blogspot.com.es/2014/06/recomendacions-lectoras-veran-2014.html>

ALGUNHAS DAS ACTIVIDADES QUE FIXEMOS ESTE TRIMESTRE

2º bacharelato visitamos Carbón SGL, fabricante de electrodos de grafito. Asistimos tamén a dúas charlas: dobre titulación de Economía e ADE, impartida pola Escola de Negocios de NCG, e Ciclos superiores relacionados con proxectos de construción.

Os alumnos e alumnas de 3º ESO asistimos a un concerto de manifestacións musicais lúdicas ofrecido polo grupo Ultraia.

1º ESO fomos a un obradoiro sobre acoso escolar e visitamos o Acuario Finisterrae da Coruña.

Alumnado do Ciclo Medio de Comercio de FP EFA Piñeiral Arzúa, impartiu para 4º ESO a charla: *E ti compras por internet? Sí, pero só cando é seguro.*

FESTIVAL DE TEATRO GRECOLATINO DE LUGO

A finais de marzo, os alumnos e alumnas de 4º ESO e 1º e 2º bacharelato das materias de latín, grego e cultura clásica, asistimos a unha nova edición do Festival de Teatro Grecolatino celebrado en Lugo, onde puidemos ver en directo a representación da traxedia *Las troyanas*, de Eurípides e da comedia *Las asambleístas*, de Aristófanes.

PARABÉNS A:

Ramón Carreira, Lara Ayerbe, Andrea Boado e Sabela Freire de 1º bacharelato, 1º premio de Peperetadas do Noso Entroido.

David Ares Crego de 2º ESO, 2º premio Peperetadas do Noso Entroido.

Valeria Caínzos, Paula Pintor, Noelia Fontecoba e Noelia Castro, 3º premio Peperetadas do Noso Entroido.

Santiago López Silva e Raúl Sánchez de 1º ESO, accésits Peperetadas do Noso Entroido.

Mario Sánchez de 3º ESO, Hugo López García e Santiago López Silva de 1º ESO, premios disfraces de Entroido.

Raúl Sánchez, Santiago López e Lorenzo López, de 1º ESO, 1º premio concurso de cestas de cogomelos.

Raúl e Andrea Lata Sánchez, 1º ESO, 2º premio concurso cestas de cogomelos.

INTERCAMBIO ESCOLAR EN DL IES AQUIS QUERQUERNIS (BANDE)- IES DE CURTIS



En maio, logo de enviármonos cartas "á antiga usanza" e mensaxes varias a través da rede, tivemos ocasión de facer realidade o que ata daquela só fora un contacto virtual.

O día 30 chegaron os compañeiros e compañeiras do IES Aquis Querquernis de Bande e, logo de ensinarlles o centro, visitamos con eles algúns dos lugares de interese da nosa bisbarra: a igrexa románica de San Pedro de Mezonzo, o batán que se atopa nas inmediacións e cuxa construción orixinal se lle atribúe aos

monxes do antigo mosteiro, o río Miño ao seu paso por Outeiro de Rei... Nesta mesma vila coñecemos a casa do poeta Manuel María e a súa tumba ante a que recitamos a "Canción para cantar todos os días".

Á semana seguinte partimos nós cara Bande. No recibimento, os mellores contacontos do centro- algúns deles premiados a nivel galego- agasalláronnos cunha presada de monólogos que ergueron gargalladas.

Posteriormente veu o percorrido

polas inmediacións da Baixa Limia: Santa Comba de Bande, campamento romano de Aquis Querquernis, Celanova, San Rosendo...

A actividade, concibida como premio para aqueles alumnos e alumnas que traballamos no Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística ao longo do curso, permitiunos coñecer xente nova coa que conectamos moi ben; as bágoas de algunha durante a despedida así o corroboraron.

CHARLA SOBRE AUTOMOBILISMO DEPORTIVO



Os alumnos de Automoción na charla técnica sobre automobilismo deportivo, impartida por Ángel Luís Rodríguez Seoane.

VISITA AO MUNCYT




Alumnado de 2º de ESO durante a súa visita ao MUNCYT.

RENAULT ENTREGA UN CLÍO AOS ALUMNOS DE AUTOMOCIÓN



Renault Clío fase 2 1.5 DCI, doado por Renault e dotado cun equipamento moi completo para que o alumnado de Automoción poida realizar prácticas.

RESULTADOS TERCEIRA AVALIACIÓN



UN ANO MÁIS, O IES DE CURTIS ACADA UN 100% APROBADOS NA SELECTIVIDADE

100% APROBADOS SELECTIVIDADE

Agora toca descansar na viaxe de fin de curso a Ámsterdam!

SAÚDA DO EQUIPO DIRECTIVO

Remata un novo curso académico e cómpre volver a vista atrás e reflexionar sobre a andaina percorrida ao longo do 2013-2014.

Son moitas as actividades recollidas nestes boletíns trimestrais que dan conta do traballo realizado fóra das aulas polo profesorado do IES de Curtis. De entre todas elas, quero destacar dúas: o intercambio co IES Montefiascone (Italia), que só realizamos cada dous anos e que se levou a cabo coa visita en marzo ao país alpino do noso alumnado de 4º ESO e 1º Bacharelato, e a viaxe do alumnado do liceo italiano que virá a Curtis en outubro. A segunda é a cerimonia de graduación para Ciclos Formativos e 2º de bacharelato que comezou timidamente hai tres cursos académicos e que ano a ano é mellor acollida polo conxunto da Comunidade Educativa.

Ao profesorado implicado, o equipo directivo quere transmitirle o seu agradecemento, así como ao profesorado, alumnado, ANPA, empresas e Concellos que fan posible a saída destes boletíns informativos. A todos eles, un feliz verán.

DIRECTOR

Juan Carlos Fandiño da Torre

VICEDIRECTORA

Paula Ugarte Fernández

XEFA DE ESTUDOS

Yolanda Suárez Martínez

SECRETARIO

José Antonio Paz López

ORIENTADORA

Josefina López Santos

IES DE CURTIS

Rúa Xermán de Castro s/n
15310 Curtis (A Coruña)
Tif 981786100
Fax 981786298

www.edu.xunta.es/centros/iescurtis

equipo de normalización lingüística IES de Curtis